

# **“REGULAMENTO RÉXIMEN INTERNO DA PISCINA MUNICIPAL CUBERTA DO PORRIÑO”**

## **TITULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS**

### **ARTIGO 1. OBXECTO**

O obxecto do presente Regulamento é establecer tanto as normas que regulan o uso da Piscina Municipal de xeito interno, como así mesmo todo o referente ás condicións hixiénico–sanitarias e o tratamento de auga e coa educación sanitaria e o comportamento das persoas usuarias, a súa seguridade, inspeccións sanitarias e réxime sancionador, que deben darse na mesma en base aos Decretos 119/2019, do 19 de setembro, polo que se regulan os criterios hixiénico-sanitarios das piscinas de Galicia e ao Decreto 742/2013, de 27 de setembro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios das piscinas a nivel Estatal.

### **ARTIGO 2. ÁMBITO DE APLICACIÓN**

O presente Regulamento será de aplicación a todo o persoal que preste os seus servizos na Piscina, ás persoas usuarias das instalacións, así como a visitantes e acompañantes das mesmas.

### **ARTIGO 3. TIPO DE XESTIÓN**

A xestión do servizo poderá ser directa ou indirecta, realizándose por medio da empresa adjudicataria a xestión do servizo, en virtude do contrato administrativo correspondente.

### **ARTIGO 4. DEFINICIÓNS**

A efectos do presente Regulamento entenderase por:

— Piscinas de uso público: todas as piscinas de titularidade pública ou privada con carácter público, de acceso libre a calquera persoa usuaria ou ao público en xeneral, nas que, como norma xeral, se condiciona ao pagamento dunha cantidade en concepto de entrada ou cota de acceso directo ou indirecto ou outro tipo ou sistema de colaboración económica.

— Zona de baño: a zona constituída polos vasos e a praia que os rodean.

— Vaso: o elemento artificial construído co obxecto de albergar a auga para o baño, o cal pode ter unha ou varias zonas.

— Profundidade: distancia en metros existente entre a lámina de auga e o fondo do vaso.

— Praia: superficie que circunda ao vaso e que permite o acceso ao mesmo, exclusivo para os bañistas.

— Lámina de auga: suma da superficie de todos os vasos da piscina expresada en metros cadrados.

— Persoa usuaria: toda persoa que accede á piscina municipal.

— Bañista: a persoa usuaria que accede ao vaso e mentres está dentro deste.

— Aforo de persoas usuarias: número máximo de persoas usuarias, fixados polo titular do establecemento, que poden acceder á piscina, sen que supoña un incremento do risco non controlable para a súa saúde e seguridade.

— Aforo de bañistas: número máximo de bañistas por cada vaso.

— Responsable da piscina: a persoa, tanto física coma xurídica, que ostenta a titularidade en propiedade ou en calquera relación xurídica que poida comportar a tenza ou explotación da piscina. Terá o seu cargo a ordenación e o coidado do recinto, o bo funcionamento dos servizos, o cumprimento das normas internas e as disposicións legais, así como a atención ás posibles queixas das persoas usuarias e, en xeral, a observancia de todos os preceptos desta norma e demais normativa aplicable.

— Equipamentos e elementos Anexos: todo tipo de máquinas, aparatos de depuración da auga, caldeiras, almacén de materiais e similares, existentes na piscina, así como vestiarios, aseos, local de primeiros auxilios e similares que presten servizo á piscina.

— Servizos complementarios: áreas opcionais destinadas a usos diferentes do baño, tales como sala de cardio, saunas e outras.

## **TÍTULO II: USUARIOS: DEREITOS, DEBERES E INFORMACIÓN**

### **ARTIGO 5. PERSOAS USUARIAS**

Poderán ser persoas usuarias todas as persoas físicas e xurídicas cuxas actividades coincidan co uso fundamental da instalación.

### **ARTIGO 6. DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS**

As persoas usuarias terán o dereito a acceder a todos os servizos que se presten nas instalacións da Piscina Municipal e participar nas actividades programadas nos horarios e pautas sinalados neste regulamento, previo pago do correspondente prezo público ou taxa.

A percibir información dos programas e actividades que se desenvolvan na piscina.

Ser atendidas de maneira eficiente e correcta por todo o persoal da piscina, que estará identificado ante o usuario en todo momento.

Exercer todos os dereitos fundamentais (información, participación, igualdade, liberdade, etc.).

### **ARTIGO 7. DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS**

Son deberes e obrigas das persoas usuarias:

a) Cumprir as disposicións que regulan os distintos servizos que ofrece a Piscina Municipal coa finalidade de respectar os dereitos das outras persoas usuarias.

b) Utilizar os recursos materiais e medios auxiliares da Piscina Municipal con respecto e coidado, para garantir a máxima durabilidade e uso compartido por todas as persoas usuarias.

c) Seguir as pautas de convivencia e trato correcto dos profesionais que traballan na piscina, así como respecto doutras persoas usuarias.

d) Facer bo uso dos recursos de información que a piscina pon á súa disposición.

e) Colaborar para manter o correcto funcionamento do servizo. Cumprir as indicacións do persoal da piscina, e sempre que se llo solicite, identificarse como persoa usuaria.

### **ARTIGO 8. INFORMACIÓN ÁS PERSOAS USUARIAS**

Toda a información, inscrición e reserva de horarios poderá ser obtida no propio centro ou en calquera outro punto que se determine polos órganos municipais.

### **ARTIGO 9. INSCRICIÓN E IDENTIFICACIÓN DAS PERSOAS USUARIAS**

O acceso ás instalacións pódese realizar mediante os seguintes procedementos:

a) Entradas de uso libre só para uso da zona de auga.

b) Socios e bonos nas súas distintas modalidades.

c) Asistentes aos cursos.

Para o acceso polo procedemento a) deberanse obter as entradas correspondentes na recepción da instalación. O acceso libre terá unha duración máxima de 60 minutos para as entradas diarias e para os usuarios de bonos de 20 baños..

Para o acceso das persoas socias, aquelas que acoden con bono de 20 baños e as asistentes aos cursos establécese como requisito amosar o carné ou outro dispositivo aprobado polo Concello actualizado no pagamento das cotas. Os carnés ou dispositivos de socios e cursos son persoais e intransferibles, os carnés ou dispositivos de bonos non son persoais e polo tanto poden ser usados por varias persoas. Todos eles autorizan, estando vixentes, ao uso e goce das instalacións nos seus períodos de apertura ao público. A condición de socio e cursillista perderase cando se incumpra a obriga de pagamento nos prazos en período voluntario. O impago dunha cota tributaria, dentro do período voluntario de pagamento, dará lugar á baixa automática do usuario como socio, aboadado ou cursillista, sen prexuízo do cobro da mesma pola vía de constrinximento

As nenas e os nenos menores de 14 anos deberán acceder á piscina acompañados dunha persoa responsable maior de idade. Prohíbese o acceso a menores de 16 anos á sala de cardio.

As persoas que accedan ás instalacións en calquera das modalidades establecidas no apartado c) poderán permanecer nelas só durante os programas nos que interveñan.

O pagamento de calquera curso, socio ou bono farase mediante transferencia bancaria por adiantado ou recibo domiciliado e terá validez para o mes/trimestre/ano en curso, polo que rematará o servizo contratado o último día do mes que foi pago.

Tanto os grupos de natación escolar como outros colectivos específicos, virán sempre acompañados dunha persoa encargada, a cal será en todo momento responsable do grupo dentro da instalación.

Nos supostos de realización de competicións na piscina, corresponderalle á entidade organizadora o control da orde no recinto, tanto na zona de vaso, como vestiarios e bancadas, e responsabilizarse do axeitado uso das instalacións.

O Concello do Porriño, ou no seu caso a entidade que preste o servizo, resérvase a facultade de solicitar o Documento Nacional de Identidade ou calquera outro documento acreditativo da personalidade a todas as persoas que accedan ás instalacións municipais por ela xestionadas.

Para realizar a inscrición será preciso entregar a documentación solicitada en función da modalidade elixida e cumprimentar o formulario correspondente. Unha vez realizada e aceptada a inscrición, incluírase o novo usuario/a na aplicación informática e dotaráselle dun carné ou dispositivo de acceso.

A persoa interesada quedará inscrita tras satisfacer a matrícula máis a cota correspondente de conformidade á ordenanza de taxas reguladora e cumprir todos os trámites de inscrición.

A inscrición e/ou posesión do carné/dispositivo de usuario/a é requisito necesario, pero non suficiente para acceder aos servizos da Piscina Municipal. Para participar nas actividades, as persoas usuarias deberán aboar os prezos públicos/ taxas establecidos na ordenanza en vigor.

Para se dar de baixa como socio ou de curso será necesario comunicalo por escrito, a través dos formularios dispoñibles antes do día 25 do mes anterior ao que se produce a baixa. As persoas dadas de baixa que no futuro queiran reincorporarse á instalación deberán realizar novamente todos os trámites de alta, pagando de novo a matrícula si a baixa se produce durante máis dún mes ó longo dun ano.

## **ARTIGO 10. SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS**

A efectos de garantir os dereitos das persoas usuarias, na oficina de recepción da Piscina, existirá á disposición das mesmas as seguintes Follas:

- a) Follas de Suxestións, co fin de que poidan manifestar as suxestións para mellorar o servizo. O Concello e/ou a empresa adxudicataria responderá ás nomeadas manifestacións a condición de que a persoa estea identificada debidamente – nome, apelidos, tfno., enderezo.
- b) Follas de Reclamacións, que se formularán e tramitarán conforme á normativa vixente, coa conseguinte fundamentación, e da que lle será expedida copia. As reclamacións serán atendidas en primeira instancia pola empresa prestadora dos servizos, pasando información ao Concello do Porriño.
- c) Todas as reclamacións serán respondidas no prazo legal establecido.

### **TÍTULO III.—NORMAS DE FUNCIONAMENTO**

#### **ARTIGO 11. HORARIO DE APERTURA E ACTIVIDADE**

As instalacións permanecerán abertas luns e mércores de 7:00 a 22:00 horas, martes e xoves de 7:00 a 22:15 horas, os venres de 7:00 a 14:00 horas e de 15:45 a 22:15 horas, os sábados de 10:00 a 14:00 horas e de 17:00 a 20:30 horas e os domingos de 10:00 a 14:00 horas.

A utilización que se determine das canles, tanto de uso libre como de curso, estará en función da demanda existente, e poderán ser organizadas polo persoal segundo nado lento, nado rápido, nado de adestramento ou canles reservadas para colectivos ou asistentes a cursos.

O Concello do Porriño, ou no seu caso, a entidade que xestione o servizo, anunciará oportunamente os peches das instalacións, por motivos de limpeza, realización de labores de mantemento e renovación da auga dos vasos e outras causas.

#### **ARTIGO 12. NÚMERO MÁXIMO DE USUARIOS/AS**

A capacidade máxima da piscina, no vaso de 25 x 12,5 m, será de 104 bañistas. A capacidade do vaso de 12.5 m x 6 m será de 25 bañistas.

A capacidade do ximnasio virá determinada polo número de aparellos e as rotacións que sexan programadas polo monitor ou encargado.

A capacidade máxima nas pistas de pádel é de 4 persoas en cada unha delas.

#### **ARTIGO 13. UTILIZACIÓN DOS VESTIARIOS**

A utilización dos vestiarios será determinada pola Dirección das instalacións, e ditaranse as ordes oportunas ao seu persoal co obxectivo de que cada colectivo utilice o espazo que teña reservado. Non se permitirá o acceso aos vestiarios ás persoas que non vaian a facer uso das instalacións, agás os acompañantes dos asistentes a cursos que, pola súa idade ou condicións, non sexan capaces de espirse nin vestirse con autonomía. Os nenos e nenas menores de 8 anos poderán utilizar indistintamente calquera vestiario en función do sexo das persoas que os acompañen. Unha vez cumpridos os oito anos deberán utilizar, obrigatoriamente, o vestiario do sexo que lle corresponda.

A natación escolar virá sempre acompañada por unha persoa responsable.

#### **ARTIGO 14. TAQUILLAS**

Estarán ao dispor dos/as usuarios/as armarios de gardarroupa, co obxectivo de que tanto as pezas de roupa como as pertenzas persoais fiquen recollidas nos lugares habilitados para o efecto.

Todo/a usuario/a que utilice os armarios deberá deixalos baleiros ao remate da actividade. Polo tanto, fica prohibido gardar un armario para uso persoal. Os armarios que permanezan pechados ao remate da xornada serán abertos e baleirados polo persoal da piscina.

Os obxectos esquecidos nos vestiarios ou en calquera outro lugar das instalacións, permanecerán na instalación, na zona de obxectos perdidos, durante un prazo máximo de 15 días. Se nese prazo non é reclamado polo seu propietario, a Dirección entregará ditos obxectos á Policía Local ou a entidades de beneficencia.

O Concello do Porriño, ou no seu caso a entidade que xestione o servizo, non se responsabiliza

dos obxectos subtraídos, extraviados, cambiados ou deteriorados dentro das súas instalacións e/ou armarios.

#### ***ARTIGO 15. IDENTIFICACIÓN DO PERSOAL***

O persoal da instalación, que estará identificado, será o responsable de facerlles cumprir a todas as persoas usuarias as normas de uso, e pode, no seu caso, avisar á policía ou Garda Civil para expulsar do recinto a quen incumpra o contido deste Regulamento.

## **TÍTULO IV. REGULAMENTO DE USO**

### **ARTIGO 16. NORMAS DE USO INTERNO**

Establécense as seguintes normas, que perseguen fundamentalmente o fomento de hábitos hixiénicos, o coidado e mantemento das instalacións e a prevención de riscos de todo tipo:

1. Normas xerais:

- a) Os/as usuarios/as manterán limpas as instalacións, utilizando as papeleiras do recinto.
- b) Os/as usuarios/as respectarán e coidarán o material deportivo, mobiliario, así como a totalidade das dependencias.
- c) Está prohibido comer e fumar nas instalacións.
- d) Os/as usuarios/as deberán comezar e finalizar puntualmente o desfrute das instalacións, respectando os horarios de apertura e peche das mesmas. Deberán saír da piscina, sala de cardio ou sauna 15 minutos antes da hora de peche da instalación.
- e) As chaves das taquillas non se poderán sacar fóra das instalacións.
- f) Os/as usuarios/as accederán ao recinto con dez minutos de antelación á hora reservada. Concluídas as actividades, os usuarios terán un máximo de quince minutos para abandonar as instalacións.
- g) O tempo de utilización das duchas será o estritamente necesario.
- h) Para acceder ás instalacións será imprescindible que os/as usuarios/as leven o carné ou dispositivo de socio, bono ou cursillista ou o resgardo provisional, e no caso dos/as usuarios/as puntuais a entrada correspondente.
- i) Cando a utilización sexa por grupos, o delegado, adestrador ou persoa que represente ao usuario/a será responsable dos danos ou estragos ocasionados con motivo da utilización indebida das instalacións, para o cal levarase a cabo unha revisión das dependencias co persoal da piscina, antes e despois da actividade.
- j) Os/as usuarios/as utilizarán as instalacións para as actividades, niveis e categorías autorizadas previamente, non podendo variar as mesmas sen autorización, nin ceder os dereitos a terceiros.
- k) A Dirección e a empresa de xestión non se fan responsables dos danos, lesións ou accidentes que poidan ter os/as usuarios/as nas instalacións; en caso de que a lesión sexa producida por negligencia do persoal ou defectos da instalación, estes incidentes deberán ser comunicados antes de abandonar a mesma. A entidade que preste ou xestione o servizo disporá dun seguro que cobra a responsabilidade civil derivada da súa actividade.
- l) Non se permite a entrada con bicicletas, patíns, monopatíns, animais, envases e obxectos de cristal, así como outros obxectos que, a criterio da Dirección da instalación, sexan inadecuados.
- m) O uso das instalacións debe facerse coa roupa e calzado deportivo axeitados.
- n) Recoméndase a todos os/as usuarios/as que se sometan a un recoñecemento médico previo á



práctica deportiva, sobre todo aqueles que permanecesen inactivos durante un período prolongado de tempo ou padezan algunha enfermidade de carácter crónico.

o) A dirección resérvase o dereito de modificar ou suprimir actividades ou o contido das sesións.

p) A solicitude de celebración de campionatos deberá facerse cun mínimo dun mes de antelación.

q) O acceso á piscina realizarase pola zona de control, debendo adquirir previamente a entrada diaria se é o caso, co prezo estipulado na Ordenanza reguladora correspondente; igualmente ao acceder á instalación poderase solicitar a acreditación de identidade do/a usuario/a.

r) No momento de notificar a baixa, se a persoa socia ten unha cota familiar, deberá especificar se todos os membros queren a baixa. En caso contrario, o/a socio/a que continúe na instalación acollerase á nova situación.

s) No caso de perder o carné de bono, socio ou cursillista, a chave da taquilla ou o dispositivo de control de acceso, deberase notificar en recepción. Os gastos incorridos para a duplicidade de calquera destes elementos extraviados, poderá ter un coste para o socio/cursillista o cal estará publicamente indicado na Piscina Municipal.

t) A dirección e xestión das instalacións resérvase o dereito de anular a venda de entradas de acceso libre ou puntuais se a afluencia ao centro o require.

u) Todos os datos persoais facilitados á empresa que xestiona as instalacións serán debidamente tratados segundo o exposto no REGLAMENTO (UE) 2016/679 DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO do 27 de abril de 2016 relativo a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Reglamento Xeral de protección de datos) e/ou outras normativas competentes.

v) En calquera momento o Concello do Porriño ou a empresa xestora da instalación poderá notificar novas normas, de cumprimento obrigado para tódolos usuarios, para o mellor funcionamento da instalación, tanto como complemento como para substitución das presentes.

w) A forma de pago das persoas socias e de cursos ou bono de 20 baños será por transferencia bancaria ou domiciliación bancaria para evitar problemas no funcionamento de atención ao público.

x) Prohíbese a realización de fotos e gravacións, sen autorización, en base á Lei de protección de datos.

## **NORMAS DE USO DA PISCINA**

Para permitir o acceso de menores de 14 anos, estes deberán ir acompañados por unha ou máis persoas, maiores de idade, que se fagan responsables dos devanditos menores, excepto no caso de cursos con monitor.

As persoas usuarias da piscina quedarán obrigadas a atender ás indicacións do persoal (encargados, socorristas, outros) no correcto desenvolvemento das súas funcións.

O uso de lentes de cristal, aletas, flotadores, colchonetas ou outros artigos de recreo queda prohibido, agás se son promovidos polo persoal da piscina ou autorizados polo SOS.

É de uso obrigatorio a utilización de traxe de baño e gorro de baño para todos os/as usuarios/as. É obrigatoria a ducha antes da inmersión no auga da piscina.

É obrigatorio o uso de calzado de baño persoal (chancletas ou similares) na zona de praia e nos vestiarios.

Prohíbese o uso de roupa interior por baixo do traxe de baño.

Non está permitido correr pola zona de praia nin lanzarse ao auga de cabeza ou desde as banquetas de saída.

Non se permite o acceso á auga con tiritas, vendas ou apósitos

Non se permite facer apneas ou mergullar, salvo durante os cursos e sempre supervisados polo monitor correspondente.

Non se permiten os xogos violentos, actividades perigosas, carreiras ou actuacións que alteren a seguridade e que sexan contrarias ao bo gusto, ao comportamento social correcto e a todas aquelas que poidan ser molestas para o resto dos bañistas.

Non se permite o acceso á piscina a aquelas persoas que padezan algunha enfermidade infecto contaxiosa.

Non poderán utilizar de forma libre a piscina aquelas persoas que non saiban nadar.

En caso de sentir calquera tipo de molestia, deberase saír da auga e comunicárselle ao socorrista.

Ao nadar é obrigatorio circular sempre pola dereita da canle empregada.

Se se precisa algún elemento para a flotación pódese solicitar ao socorrista, devolvéndoo posteriormente en bo estado de uso e colocándoo no lugar habilitado para o efecto.

## ***NORMAS DE USO DA SALA DE CARDIO FITNESS***

É preciso levar unha toalla para colocala enriba das máquinas ou aparellos dos que se faga uso, coa finalidade de evitar que a suor caia sobre os aparellos.

É obrigatoria a utilización de roupa e calzado deportivo de uso exclusivo.

Prohíbese acceder á sala con calzado empregado previamente no exterior das instalacións.

Débese facer un uso correcto das máquinas e do peso libre. En caso de dúbida débese consultar ao monitor ou encargado.

Non se permite realizar exercicios co torso espido. Prohíbese o acceso a menores de 16 anos.

O uso libre dos aparellos estará supervisado polo monitor, mentres que nas actividades dirixidas, será o monitor o que os asigne.

Os/as usuarios/as con rutinas de traballo, unha vez finalizado o seu uso, deberán deixar as correspondentes fichas no ficheiro da instalacións pois non son da súa propiedade.

Despois de utilizar o peso libre, deixarase colocado no lugar habilitado.

Deberase respectar a listaxe de espera nos aparellos que a teñan, así como o seu tempo máximo de uso, definido polo monitor ou a Dirección do Centro para facilitar o uso dos mesmos a todas as persoas usuarias..

Finalizada a actividade deberase abandonar a sala.

## ***NORMAS DE USO DAS PISTAS DE PÁDEL***

É obrigatoria a inscrición e a formalización do pago da pista segundo a Ordenanza reguladora.

É obrigatoria a utilización de roupa e calzado deportivo de uso exclusivo para esta actividade, quedando prohibido xogar sen camiseta.

Deixarase as pistas despois do seu uso en perfecto estado sen deixar ningún tipo de obxecto.

## ***NORMAS DE USO DAS SAUNAS***

A sauna está reservada a socios/-as ao corrente de pago. É obrigatorio avisar en recepción para o acceso á mesma.

Antes do primeiro acceso á sauna é recomendable consultar có médico a idoneidade do seu uso. Non se recomenda a mulleres embarazadas ou persoas con tensión alta ou baixa, así como a persoas de avanzada idade con problemas do sistema de termorregulación.

Ante calquera signo de malestar físico ou psicolóxico, o usuario deberá saír da sauna inmediatamente e avisar ao persoal da piscina.

É obrigatorio o uso de toalla sobre a bancada no interior da sauna.

Non se permite botar nada ás pedras calefactoras por perigo de incendio.

É obrigatorio ducharse antes de entrar a sauna.

Non se permite modificar a temperatura da sauna.

Non se pode acceder con elementos metálicos por perigo de queimadura.

## **TITULO V. PROCEDEMENTO SANCIONADOR**

### **ARTIGO 17. CARÁCTER DAS SANCIÓN**

O incumprimento por parte dos/as usuarios/as das normas establecidas no Regulamento do Servizo terá o carácter de infracción e será susceptible de sanción. A conveniencia e medida das sancións será xulgada polo persoal que designe o Concello do Porriño ou a empresa adxudicataria. As posibles sancións terán en todo momento unha finalidade de reeducación e de modificación de hábitos, debendo estar plenamente xustificadas na súa motivación e adaptadas á intensidade da falta, á idade da persoa sancionada e ao obxectivo reeducador que se pretende.

### **INFRACCIÓN**

Incorrerán en responsabilidade as persoas que cometan as infraccións tipificadas nos apartados seguintes deste artigo.

#### **A. MOI GRAVES**

1. Proferir insultos graves ou maltrato ao persoal ou responsables das instalacións.
2. Promover altercados con persoas no seu interior.
3. Facilitar a entrada a terceiras persoas sen dereito de acceso.
4. Subtracción ou vandalismo de obxectos ou equipamentos pertencentes ás instalacións ou das persoas usuarias.
5. Tráfico ou consumo de alcohol ou drogas.
6. Realización de actos deshonestos nas instalacións.
7. Ter sido sancionado de 3 infraccións graves con anterioridade.

#### **B. GRAVES**

1. Causar danos na conservación e material das instalacións.
2. Ter sido sancionado 3 veces por infraccións leves.
3. Realizar actividades fóra dos horarios establecidos.
4. Utilizar espazos e servizos sen a autorización correspondente.

#### **C. LEVES**

As condutas contrarias ao presente Regulamento e demais normativa das instalacións, que non estean contempladas nos apartados cualificadas como graves ou moi graves.

As infraccións prescribirán do seguinte xeito: as Moi Graves aos tres anos, as Graves ao ano, as Leves aos tres meses. O prazo de prescrición comezará dende o momento de se ter cometido a infracción.

## **SANCIÓNS**

- a) Para as Moi Graves poderase determinar a prohibición de acceso ás instalacións por un período entre seis meses e un ano.
- b) Para as Graves poderase determinar a prohibición de acceso ata seis meses.
- c) Para as Leves determinarase Apercibimento e/ou Amoestación.

Nas infraccións Graves e Moi Graves, cando se produzan deterioros ou roturas de material, etc., poderá ter unha sanción económica que se estableza en cada caso e que se corresponderá co importe do dano causado.

O procedemento sancionador efectuarase por medio dun expediente administrativo no que, en todo caso, se dará audiencia á persoa interesada antes de ditarse o acordo correspondente, e de conformidade co disposto na normativa xeral de aplicación. O nomeado expediente iniciárase como consecuencia da denuncia presentada por calquera persoa usuaria ou polo persoal encargado da piscina diante do Concello, que emitirá informe ao respecto.

Contra a sanción imposta poderá interpoñerse as reclamacións ou recursos oportunos.

## **TITULO VI. PREZOS PÚBLICOS**

### **ARTIGO 18. PREZOS PÚBLICOS**

A través da correspondente ordenanza fiscal o Concello do Porriño fixará os prezos públicos para as actividades da Piscina Municipal.

### **DISPOSICIÓN ADICIONAIS**

O funcionamento da piscina de titularidade municipal xestionada indirectamente rexerá polas condicións establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas e Prego de Cláusulas Técnicas, así como polas disposicións contidas neste Regulamento.

### **MEDIDAS COVID**

Aplicaranse en todo momento as medidas establecidas polas autoridades sanitarias e administrativas correspondentes no que respecta ao uso de máscara, aforos, certificados COVID ou calquera outras disposicións.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

Para todo o non previsto nesta regulamentación, estarase ao disposto nos Decretos 119/2019, do 19 de setembro, polo que se regulan os criterios hixiénico-sanitarios das piscinas de Galicia e ao Decreto 742/2013, de 27 de setembro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios das piscinas, así como na restante normativa que sexa de aplicación.

A interpretación das normas deste Regulamento será levada a cabo polo órgano competente do Concello do Porriño, que poderá ditar as instrucións necesarias para a súa aplicación.

Conforme co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esta Ordenanza entrará en vigor aos 15 días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.